

**PROBAS DE AVALIACIÓN DO BACHARELATO PARA O
ACCESO Á UNIVERSIDADE
ORIENTACIÓNS PARA A MATERIA “GREGO II” (cód. 32)**

Os contidos e os criterios de valoración serán os seguintes:

1. BLOQUE TEXTOS

Antoloxía de Xenofonte

Antoloxía de Apolodoro

No exame proporanse tres opcións: dous textos de Xenofonte e un de Apolodoro, de aproximadamente tres liñas en letra de tamaño 12 puntos. O alumno deberá **traducir unicamente un deles** e analizar morfoloxica ou sintacticamente (só unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado nel.

Os textos extraeranse **da selección** publicada na páxina web da CIUG.

Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa e equivalente na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente. Poderase utilizar un dicionario de grego, incluíndo o apéndice gramatical que poida levar anexo ese dicionario como parte orixinal e inseparable do conxunto; non estará, pois, permitido ningún caderno solto nin ningún engadido ao dicionario que non sexa orixinal.

Cualificación: 5 puntos

Pídese a análise morfolóxica ou a análise sintáctica (a elixir unha das dúas) dun fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Na análise morfolóxica hai que identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades do fragmento e indicar as categorías gramaticais de cada unha delas. Na análise sintáctica hai que explicar as estruturas sintácticas que haxa no fragmento e as funcións de cada un dos elementos que integran esas estruturas. Para as dúas posibilidades admítase calquera método de análise que sexa correcto.

Cualificación: 1 punto

2. BLOQUE LECTURAS

Homero, *Ilíada*, cantos 1, 6, 16 e 22

Lírica arcaica: Arquíloco, Safo e Anacreonte

Sófocles, *Edipo Rei*

Aristófanes, *Asamblea de mulleres*

Proporanse tres opcións con dúas preguntas cada unha sobre o contido das obras. O alumno deberá elixir **unha das tres opcións e responder as dúas preguntas que contén.**

Cualificación: 2 puntos

3. BLOQUE LITERATURA E O SEU CONTEXTO

Proporanse tres opcións sobre contexto ou realia das obras a traducir, das que **o alumno deberá elixir unha.**

Cualificación: 1 punto

4. HELENISMOS E ETIMOLOXÍA

Proporanse nove palabras gregas, das que **o alumno terá que elixir tres**, para citar e explicar **dous exemplos de vocabulario actual relacionado con elas.**

As palabras extraeranse do listado que está na web da CIUG.

Cualificación: 1 punto

Santiago de Compostela, outubro de 2022

M^a Teresa Amado Rodríguez

Directora do grupo de traballo